

# SOBRE RODAS

## saber que se pode

### Educar en valores é asegurar o futuro

Todas as persoas somos diferentes unhas doutras, o termo diversidade funcional refírese a que cada un ten unhas determinadas capacidades, que deben ser xestionadas de xeito que non se produzan exclusións ou discriminacións.



**DISCAPACIDADE:** Falta ou limitación dalgunha facultade física ou mental que imposibilita ou dificulta o desenvolvemento normal da actividade dunha persoa.

**Ninguén está libre de ter unha discapacidade**

**Coñece outra realidade**

**Practícaa**

**Reflexiona**

**Íntegras ou axudas?**



ASOCIACIÓN  
**Aprende a Voar**  
619291133 f @

**FERROL**

Nalgunhas ocasións as adaptacións á falta de mobilidade nos xogos entre os nenos e nenas, enténdense como unha vantaxe. En todo caso trátase de igualar os recursos de cada persoa, xa que os nenos e nenas con limitación de mobilidade sempre están a afrontar retos.

Existen 2 tipos de dificultades, as **propias** e as da **sociedade**.

## TALLER

### PROPIAS

#### UN BICO

Ponche nunha cadeira e dá un bico, unha aperta. Como fas?

#### NO PATIO

Baixa ao patio do teu colexio no recreo. A que xogas?

#### PANTALÓN

Sen mover as pernas pon un pantalón

#### SE TE CAES COMO CHE LEVANTAS?

Desde o chan e sen usar as pernas, súbete á cadeira

#### ARMARIO

Sentado, descolga unha peza

### BARREIRAS

#### IR AO CINE

E ver a película desde a primeira fila... ou prefires que che suban en brazos máis arriba

#### DEPORTE

Elixes un deporte, xa está? Vale, pódelo practicar na túa cidade, hai máis xente para xogar?

#### IR AO BAÑO

Paréceche o suficientemente limpo para sentarte?


#### APETÉCECHE UN XEADO?

Senta diante do frigorífico, agora CÓLLEO.

#### PLANÍFICA OS DESPRAZAMENTOS.

Cando tes que facer un recado, tes que planificar o roteiro a seguir:

Haberá prazas de aparcamento de mobilidade reducida preto? Hai bordos para subir ás beirarrúas, ramplas preto ou ascensores? Se necesito ir ao baño hai un preto? E o máis importante **TEMPO**, moita antelación para os imprevistos que poidan xurdir, e poder chegar á hora prevista.



## AGORA FAÍNO TODO CHOVENDO

Se chove e non queda máis remedio que saír, en casa vestímonos con roupa impermeable, para que unha vez chegamos ao noso destino cambiarnos no baño adaptado

Non se pode levar un paraguas e manexar unha cadeira de rodas

Necesitaríamos prazas de aparcamento cubertas en organismos oficiais, hospitais...



### Consellos para o trato con persoas con diversidade funcional:

- Ofrece a túa axuda para alcanzar ou levantar obxectos, abrir portas ou xanelas, utilizar máquinas expendedoras ou outro tipo de equipos.
- En compañía de alguén que camiña amodo ou utiliza muletas, axusta o teu paso ao seu
- Se descoñeces o manexo dalgunha axuda técnica (cadeira de rodas, andador, teclado especial...) pregunta ao usuario acerca de como axudarlle.
- Para falar cunha persoa usuaria de cadeira de rodas, sempre que sexa posible, sitúache de fronte e á súa mesma altura.

